

GUÍA DOCENTE DE **ZANFONA I-II**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: ZANFONA I-II										
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO				Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO				IMTP	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.					3	3			Observacións:	
									1h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento e práctica da zanfona, tanto na interpretación como nos aspectos organolóxico e histórico do instrumento. Coñecemento dos xéneros e do repertorio máis representativo do instrumento, con especial atención ao repertorio en Galicia.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T3, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X4, X6
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Perfeccionar as capacidades artísticas, musicais e técnicas, que permitan abordar o coñecemento e interpretación do repertorio máis representativo do instrumento.	Todas
Coñecer as características morfolóxicas e acústicas propias do instrumento, indispensable para a optimización de recursos do mesmo.	Todas
Coñecer o patrimonio musical tradicional da nosa cultura e achegamento ás doutros pobos que teñan a zanfona como instrumento fundamental.	Todas
Mostrar independencia progresiva para resolver problemas, xa sexan técnicos ou musicais. Ter métodos de traballo que posibiliten a resolución de pasaxes complexas.	Todas



4. CONTIDOS

Achegamento ao instrumento

Exercicios técnicos

Materiais e fontes

Intérpretes e escolas

Repertorio

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*